

## **Resolución de nomeamento do tribunal para a selección dunha persoa para a praza de técnico/a auxiliar de imaxe e son da Axencia Galega das Industrias Culturais**

### **Antecedentes administrativos:**

1. A Axencia Galega das Industrias Culturais iniciou os trámites para a contratación de persoal laboral temporal, en réxime de interinidade, dunha persoa para o posto de técnico/a auxiliar de imaxe e son, grupo III categoría 94; código ED.A11.00.005.15770.059, no Departamento de Producción Teatral, consonte ao sistema de listas actualmente vixente para estes efectos mediante solicitude co código 97091 e data 09.02.2026.

2. Con data 16.02.2026 recíbese a autorización conxunta para a cobertura temporal da praza anteriormente nomeada polo procedemento establecido no Decreto 37/2006, do 2 de marzo. Porén, a Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal comunicou, mediante escrito do 19.02.2026, que non existen integrantes das listas para a cobertura do citado posto, polo que neste suposto debe procederse de acordo co disposto no artigo 7.5.b) 1.2 do V Convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia, que establece: *“De non existiren listas elaboradas para o efecto, solicitarase da oficina pública do Servizo Público de Emprego, de xeito xenérico, un mínimo de tres traballadores/as en situación de desemprego, por cada unha das vacantes que se pretenda cubrir. Así mesmo, no taboleiro de anuncios da consellería ou centro de que se trate, daráselle publicidade á citada petición, na que deberá constar o número de prazas, os requisitos a cumprir e o prazo de presentación de instancias co fin de que os/as interesados/as nas vacantes ofertadas poidan participar no proceso selectivo que se realice para o efecto. A composición do órgano de selección será a regulada no artigo 11. O tribunal, unha vez constituído, aprobará as bases da convocatoria que rexerá o proceso de que se trate. Na selección aplicarase o baremo que figura como anexo III do presente convenio”*.

### **Consideracións legais e técnicas:**

1. O artigo 21 do Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais, aprobada polo Decreto 150/2012, do 12 de xullo establece no punto k) que correspóndelle á dirección *“Exercer a xefatura do persoal”*.



2. Realizados os trámites preceptivos para a cobertura temporal da praza existente na Relación de Postos de Traballo da Axencia nomeada "Técnico/a auxiliar de imaxe e son" e vista a inexistencia de persoas na listaxe habilitada ao efecto, cómpre proceder á selección da persoa mediante convocatoria pública segundo o disposto no V Convenio colectivo único para persoal laboral da Xunta de Galicia.

Por todo o que antecede, esta dirección, no uso das facultades conferidas

### RESOLVO

1.- Nomear o tribunal para o proceso de selección de persoal laboral temporal para a cobertura dun posto de traballo do grupo III, categoría 94, técnico/a auxiliar de imaxe e son, código ED.A11.00.005.15770.094, no Departamento de Producción Teatral, coa seguinte composición:

**Presidente/a:** María A. Antón Vilasánchez

**Vogal:** María José Felipez Regueira

**Secretaria:** Marcelina Calvo Domínguez

2.- As persoas que compoñen o tribunal deberanse abster de formar parte del ou poderán ser recusadas cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a Presidencia da Agadic no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 150/2012, do 12 de xuño, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais e nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela,

O director da Agadic

Jacobo Sutil Nesta

AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIAS  
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE  
Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás, s/n  
15707 Santiago de Compostela  
T. 881 99 60 77 / 78  
[agadic@xunta.gal/industriasculturais.xunta.gal](mailto:agadic@xunta.gal/industriasculturais.xunta.gal)

